

**ACTA DE APERTURA DAS REFERENCIAS TÉCNICAS, “SOBRES B”, DO SERVIZO DE “AXUDA NO FOGAR (SAF BÁSICA E SAF DEPENDENCIA)” NO CONCELLO DE AMES.**

Na Casa Consistorial de Ames sendo as doce horas e trinta minutos do día 23 de febreiro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **SERVIZO DE “AXUDA NO FOGAR (SAF BÁSICA E SAF DEPENDENCIA)” NO CONCELLO DE AMES.**

**ASISTENTES:**

**Presidenta:**

Luisa Feijóo Montero, concelleira delegada de sanidade, servizos sociais e igualdade

**Vogais:**

Concepción Vilas Cantelar, Secretaria accidental do Concello de Ames

Margarita Fernández Sobrino, Interventora do Concello de Ames

Rogelio Pardo Martínez, Xefe do Servizo de Contratación do Concello de Ames

**Secretaria:**

M. Isabel Quintáns Ríos, Auxiliar administrativa do Departamento de Contratación

Asisten a apertura:

M. Fé Novo Santamaria, DNI 52.452.327-E en calidade de Representante das traballadoras da empresa Sociser SLU. e Aitor Sebío Molquero DNI 44,815,171-Q en calidade de representante da CIG.

Na sesión da mesa de contratación do 16 de febreiro de 2016, procedeuse á apertura dos sobres “A”, que contiñan a documentación administrativa, obtendo como resultado o seguinte:

- 1) Requirir ás empresas Atendo Calidade SL. e FEPAS (Fundación para el estudio y la promoción de la acción social) para que nun prazo de 3 días hábiles aporten a Acreditación de estar en posesión da autorización como entidade prestadora de servizos sociais, conforme á normativa de aplicación.
- 2) Declarar admitidas no presente procedemento ás seguintes empresas que presentaron a documentación requirida nos pregos de cláusulas administrativas:

Empresa
ALALAS SL.
CLECE, S.A.
EULEN, Servicios Sociosanitarios SA.
FERROVIAL SERVICIOS SA.
IDADES S.L.
PEDROSO Y ROJAS SL.
SERVITAL, Servicios Sociosanitarios SL
SERVIZOS SOCIAIS ULLA SAR SL.
SOCISER GALICIA SLU
TRONCOSO CASARES SL

Presentada a documentación requirida en prazo por parte das empresas Atendo Calidade SL. e FEPAS (Fundación para el estudio y la promoción de la acción social) a Mesa de Contratación puido constatar que a documentación aportada por estas cumpre co

establecido na cláusula 17.1 do PCAP, acordando por unanimidade a súa admisión no procedemento.

A continuación procédese á apertura dos sobres B que conteñen as referencias técnicas dos seguintes licitadores declarados admitidos:

- ALALAS SL.
- ATENDO Calidade S.L.<sup>(1)</sup>
- CLECE, S.A.
- EULEN, Servicios Sociosanitarios SA. <sup>(2)</sup>
- FEPAS (Fundación para el estudio la promoción de la acción social)
- FERROVIAL SERVICIOS SA.<sup>(1)</sup>
- IDADES S.L.
- PEDROSO Y ROJAS SL.
- SERVITAL, Servicios Sociosanitarios SL
- SERVICIOS SOCIAIS ULLA SAR SL.
- SOCISER GALICIA SLU
- TRONCOSO CASARES SL

A continuación a Mesa de contratación procede á apertura dos Sobres "B" denominados "*Criterios non avaliados de forma automática. Referencias Técnicas*". No apartado 17.2 dos pregos que rexen para a contratación especificase textualmente que: "*O sobre conterá unha proposta de organización do servizo o máis detallado posible dentro dos criterios marcados no PPT, e xestión do persoal relativo ao desenvolvemento e condicións en que se vaia a prestar o servizo que comprende o presente contrato cun límite máximo de 40 páxinas. Serán rexeitados aqueles plans que superen dita extensión. Os licitadores deberán achegar a Proposta de Organización do servizo asinada en soporte informático (memoria USB)*".

<sup>(1)</sup> A Mesa de Contratación tras o análise da documentación presentada polos licitadores puido constatar que as empresas Atendo Calidade SL (41 páxinas) e Ferrovial Servicios SA. (44 páxinas) superan o límite máximo establecido de 40 páxinas para a Proposta de Organización do Servizo (cláusula 17.2 PCAP).

En aplicación da doutrina do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, órgano supremo en orden á interpretación do dereito comunitario e das Resolucións 1059/2015 e 1060/2015 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais "*un requisito formal relativo á extensión dos documentos da oferta non pode converterse en causa de exclusión da licitación, so pena de vulnerar tanto o principio de concorrencia como o obxecto do procedemento de licitación que é a búsqueda da proposición que mellor satisfaga o interese xeral ao que os entes do sector público serven*".

<sup>(2)</sup> En canto á empresa Eulen, Servicios Sociosanitarios SA. a Mesa puido constatar que só presenta a súa proposta en formato papel. Ao amparo da Resolución 573/2016 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais "*.. unha interpretación literalista que conduza a non admisión de proposicións por defectos formais facilmente subsanables, é contraria ao principio de concorrencia*" recomendando por elo "*... non excluír aos participantes por defectos na documentación de carácter formal, non esencial, que son subsanables sin dificultade*".

Así mesmo, "*o incumprimento do requisito formal de presentación da oferta económica en soporte electrónico tratable non xustifica a exclusión do licitador non habéndose producido infracción do secreto das proposicións ata a licitación pública, menoscabando con elo a obxectividade da valoración e o tratamento igualitario dos licitadores como valores que se preservan mediante dito secreto e non vendose afectado substancialmente os principios de igualdade de trato e non discriminación*".

Por todo o exposto, a Mesa de Contratación declara admitidas e polo tanto continúan no procedemento as empresas Atendo Calidade SL., Ferrovial Servicios SA. e Eulen Servicios Sociosanitarios SA

En base ao exposto, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Solicitar asistencia ao Colexio de Traballadores Sociais de Galicia para a valoración dos Sobres B denominados "Criterios non avaliados de forma automática. Referencias Técnicas" do procedemento de contratación do Servizo de Axuda no Fogar conxuntamente co técnico traballador social Jesus A. Tato Rial.

**SEGUNDO.-** Darlle traslado da presente notificación ao Colexio de Traballadores Sociais de Galicia para que procedan a designar nun prazo máximo de 5 días aos profesionais técnicos cualificados que asistirán ao técnico do concello na valoración dos Sobres B do procedemento de licitación do Servizo de Axuda no Fogar.

**TERCEIRO.-** Trasladar a presente notificación así como remitir as diferentes propostas técnicas formuladas polas distintas empresas licitadoras ao técnico do departamento de Servizos Sociais Jesus A. Tato Rial para a súa valoración e puntuación antes do acto de apertura das ofertas económicas e de acordo cos criterios e a ponderación establecidos no prego.

E non sendo outro o obxecto da reunión, a señora Presidenta da por rematado o acto, sendo as trece horas, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria, certifico.



